




1ª. Explica a situación económica, social e política de Rusia a comezos do século XX, as características da revolución de 1905 e das reformas posteriores, utilizando os teus coñecementos e os datos da seguinte gráfica

El Imperio ruso en 1897



2ª. Explica o proceso revolucionario de 1917 en Rusia e a construción do novo Estado na URSS salientando:

- As causas estruturais e conxunturais da revolución de febreiro e dobre poder político que resultou dela.
- As características, etapas e actores (individuais e colectivos) do proceso revolucionario de 1917 ata o asalto ao poder polos bolxeviques en outubro.
- As consecuencias do asalto ao poder polos bolxeviques: guerra civil, comunismo de guerra e NEP.
- A *construción do socialismo nun só país*: consecuencias da paz de Brets-Litovks para a URSS, organización do Estado e políticas aplicadas durante o Stalinismo (colectivizacións, represión da poboación e purgas na *vella garda*).

Docto 1: Carta de Ilich Ulianov publicada en G.D. Obichkin e M.L. Pankratova, Cartas de Lenin.

“Os **bolxeviques** teñen garantida agora a victoria da insurrección.

- Podemos atacar dende Petrogrado, dende Moscova e dende a flota do Báltico, senon agardamos ao Congreso dos Soviets
- Temos consignas que nos garanten o apoio: Abaixo o goberno que aplasta a insurrección dos labregos [mujik] contra os terratenentes [kulaks]!
- A desorganización dos **menxeviques** e **eseritas** é total.
- Temos milleiros de soldados e obreiros armados en Petrogrado, que poden tomar ao mesmo tempo o Pazo de Inverno, o Estado Maior Central, a Central de Teléfonos e todas as imprentas importantes.

7. A axitación no Exército acadará tal amplitude que non nos botarán dali... Seralles imposible loitar contra este goberno da paz e da terra para os campesiños”.

Docto. 2. Comunicado de Lenin en nome do Comité Militar Revolucionario do Sóviet de deputados obreiros e soldados aos cidadáns de Rusia (25-X-1917):

“O Goberno Provisional foi deposto. O poder do Estado pasou a mans do Comité Militar revolucionario, que é un órgano do sóviet de deputados obreiros e soldados de Petrogrado e está á fronte do proletariado e da gornición da capital.

Están asegurados os obxectivos polos que loitou o pobo: a proposta inmediata dunha paz democrática, a supresión da propiedade agraria dos terratenentes, o control obreiro da produción e a consitución dun goberno soviético”.

Docto. 3: artigo do profesor Santos Juliá titulado “[Que importan los hechos!](#)” dispoñible en *El País* do 27-I-2017.

Docto 4: Lenin xustifica a supresión do comunismo de guerra ante o X Congreso do PCUS:

“Estamos ten arruinados, tan agobiados polo peso da guerra, que non podemos entregar aos campesiños os produtos industriais como contrapartida ao trigo que necesitamos... A miseria e a ruína son tan grandes que nos impiden restablecer de entrada a gran produción socialista, as grandes fábricas estatais... En consecuencia, debemos axudar en certa medida ó restablecemento da pequena industria... Que ocorre con isto? Que, da man dunha certa liberdade de comercio, reaparecen a pequena burguesía e o capitalismo... O capitalismo privado pode ser utilizado para favorecer a instauración do socialismo”.

Docto 6.4:

Datos económicos / Logros de la NEP

